



Concello de Cangas

Por segundo ano chega a Cangas e Aldán o programa "Enredos de verán"

*Nova proposta de campamentos de verán organizados polo Concello de Cangas.
Apertura de inscricións o mércores día 26 de abril.*

Cangas, 24/04/2017

O Concello de Cangas a través das Concellarías de Ensino e Deportes, Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, e Xuventude e Voluntariado organiza por segundo ano o programa **ENREDOS DE VERÁN 2017**, que ten coma obxectivos principais:

- Fomentar a igualdade de oportunidade
- Crear un lugar de encontro entre rapaces e rapazas.
- Potenciar un modelo de sostenibilidade social.
- Promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral da cidadanía.
- Xerar unha rede de servizos sociocomunitarios diversos e flexibles.
- Desenvolver actividades para nenos e nenas fóra do horario escolar, en períodos vacacionais, tendo en conta a perspectiva de xénero.

O programa Enredos de Verán presenta as seguintes características:

Dirixido a: Nenos/as de 3 a 12 anos .

Grupo de 3-6 anos

Grupo 7-10 anos.

Grupo 11-12 anos

Datas: Do 26 de xuño a 25 de agosto

Turnos:

- Dous días (martes e xoves)
- Tres días (luns, mércores e venres)
- Semán
- Quincena
- Mensual

Horarios:

- Actividades 9:00 – 14:00 h
- Comedor 14:00-16:00 h



Concello de Cangas

Actividades a desenvolver: Talleres, xogos cooperativos. Dinámicas de grupo, Actividades náuticas (somentes turno quincenal) e comedor.

Lugares onde se levará a cabo o programa:

- Ceip Nazaret/les Rodeira.
- Coolexio Sagrada Familia//Ceip Espiñeira-Aldán

O prezo varía entre:

- Actividades de mañán: 5 €/día
- Actividades de mañán + comedor: 9 €/día

As inscricións estarán abertas dende o 26 de abril ao 12 de maio.

Para máis información e inscrición diríxase á Casa da Xuventude, Rúa Real 29, ou chame ao teléfono: 986392171.

NOTA: A Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade porá a disposición da veciñanza de Cangas axudas para unidades familiares que por escaseza de recursos económicos non poden afrontar o custo das actividades de verán. O prazo de solicitude destas axudas será do 26 de abril ao 12 de maio. Para máis información dirixirse a Centro Municipal de Benestar Social, Rúa Andalucía, 3 Baixo - Edificio Xoia ou no teléfono: 986 392 266/67.